

VIII Festival internacional de música de órgano do Corpus Christi



LUGO, 2022

Martes 7 de xuño 2022, 21.00 h

Lugo - Catedral de Santa María

Enrico Zanovello, órgano

Giulio Mercati, órgano

Venres 10 de xuño 2022, 21.00 h

Lugo - Igrexa de San Pedro

Felix Vogelsang, violonchelo

Concentus Lucensis

Lidia Basterretxea, Esperanza Iglesias e Maria Guffi, sopranos

Carmen Prendes, Marina Malavasi e Margherita Scaramuzzino, contraltos

Fernando Jácome e Paolo Alberti, tenores

Antón Castro e Giulio Mercati, baixos

Ismaele Gatti, órgano positivo

Stefano Molardi, dirección

Sábado 11 de xuño 2022, 21.00 h

Lugo - Igrexa de Santiago A Nova

Massimo Mercelli, frauta

Giulio Mercati, órgano

Luns 13 de xuño 2022, 21.00 h

Lugo - Catedral de Santa María

Orfeón Lucense

Marcos Manuel Fernández Mosquera, director

Wolfgang Kleber, órgano

Mércores 15 de xuño 2022, 21.00 h

Lugo - Catedral de Santa María

Solo Voces

Fernando Gomez Jácome, director

Vibeke Astner, órgano

VIII Festival internacional de música de órgano do Corpus Christi

O *Festival organístico lucense do Corpus Christi* é xa una das iniciativas máis importantes dedicadas ao repertorio de órgano de toda a península. Nado fai nove anos, desde a súa primeira edición, o festival trouxo a Lugo aos solistas europeos máis coñecidos e renombrados.

As finalidades do festival foron claras desde o principio. En primeiro lugar, trátase do encontro entre solistas estranxeiros e as realidades musicais lucenses máis importantes. Cada ano a carteleira do festival propuxo polo menos un concerto coa colaboración entre unha das formacións vocais máis antigas e activas de Lugo, *Solo Voces*, o *Orfeón Lucense*, o cuarteto vocal *Son de Corda*, e un organista estranxeiro de clara fama: a satisfacción e o enriquecemento recíproco foron o resultado destes encontros. Destes xurdiu mesmo unha nova formación permanente, o *Concentus Lucensis*, cuxos compoñentes son os mestres e solistas principais de *Solo Voces*, do *Orfeón Lucense* e do *Grupo vocale S. Bernardo*, ensemble que

desenvolve a súa actividade principal entre Saronno (Italia) e Lugano (Suíza).

Unha das vocacións do festival é a valorización do Arquivo Musical da Catedral. Centro fundamental do Imperio romano e por tanto da era cristiá, Lugo reuniu a través dos séculos, no Arquivo da súa Catedral, obras de notable importancia, ata os grandes mestres do século XX. O festival propón sempre, en cada edición, a execución de polo menos unha peza do Arquivo, ofrecendo ao público un patrimonio precioso e pouco coñecido aínda.

Outra acertada tradición do Festival é o concerto caracterizado polo uso contemporáneo dos dous órganos dos cales está dotada a Catedral de Lugo. En realidade, dispoñer de dous órganos próximos situados na tribuna era moi común nas catedrais españolas: con todo, hoxe en día é máis difícil atopar dous instrumentos en bo estado e co mesmo diapasón. O repertorio para dous órganos constitúe un patrimonio musical fascinante e digno de ser redescuberto. Esta literatura consta

de transcricións, sobre todo de páxinas para orquestra, e pezas orixinais de gran beleza. A cuarta finalidade do Festival é a valorización dos lugares de culto artisticamente máis importantes da Cidade. O festival non se limita a facer resoar a marabillosa Catedral, patrimonio da Humanidade, senón que toca tradicionalmente noutras importantes igrexas de Lugo. Este ano o festival ten en programa un concerto na igrexa de Santiago A Nova e un na espléndida igrexa de S. Pedro, recentemente restaurada.

O Festival organístico lucense do Corpus Christi é ademais líder da iniciativa transnacional *A música do peregrino*. Trátase dunha rede de nove festivais musicais internacionais: catro en España, na Diocese de Lugo, dúas en Lugano e unha en Morbio Inferiore, en Suíza, e dúas no norte de Italia, en Saronno. Estas nove iniciativas, ademais de compartir a dirección artística, teñen en común sobre todo a idea do camiño, aplicada a múltiples aspectos: desde o lado espiritual, ata o artístico e obviamente o musical

Martes 7 de Xuño 2022, 21.00
Lugo - Catedral de Santa María

Enrico Zanovello, órgano
Giulio Mercati, órgano

Luigi Cherubini (1760-1842)
Sonata para dous órganos (1780)

Joseph Schuster (1748-1812)
7 Variacións para dous órganos

Marian Müller (1724-1780)
Sonata para a Pentecoste
Sonata para o Santo Nadal

Richard Wagner (1813-1883)
Preludio de Os mestres cantores de Núremberg
Transcrición de August Reinhard (1831-1912) – Uxío Domínguez (1999)

Nicolas Sabas Gallardo (1805-1849)
Concerto de 8ª ton para vésperas clásicas

Giuseppe Verdi (1813-1901)
Final a dous órganos da ópera *Aida*
Transcrición de Francesco Canneti (1807-1884)



Enrico Zanovello

órgano

Nado en Vicenza en 1963, graduouse en órgano e composición con Stefano Innocenti e en clavicémbalo con Andrea Marcon. Concorrentemente levou a cabo estudos na Universidade de Artes e Filosofía de Padova especializándose en Historia da Música e dedicándose á investigación da música dos séculos XVII e XVIII. Extremadamente activo coma organista solista así mesmo coma parte de agrupacións meirandes, actúa frecuentemente en importantes festivais de órgano e nas principais catedrais de Italia, Francia, Alemaña, Suíza, Finlandia, Dinamarca, Polonia, Suecia, Países Baixos, España, Bélxica, República Checa, Austria, Escocia, Baleares, Rusia, Exipto, Arxentina, Uruguai e Estados Unidos. Os seus concertos foron retransmitidos por varias emisoras de radio internacionais. Profesor de órgano e clavicémbalo no Conservatorio de Música de Vicenza, tamén é o director do Coro e Orchestra Barocca Andrea Palladio dende 1990 co cal interpreta tódalas composicións sacras de G. F. Händel. Ademais, é convidado

con frecuencia a inaugurar instrumentos históricos restaurados e instrumentos modernos, coma o órgano Rieger do Mosteiro de San Salvador en Xerusalén. Recibiu numerosos recoñecementos como organista asesor, tratando a restauración de instrumentos históricos e a construción de órganos novos. Regularmente é convidado a ser xurado en competicións de órgano. Gravou numerosos CD, entre os cales se atopan a primeira gravación dos concertos para órgano e orquestra de Giuseppe Sammartini e, conxuntamente co violinista Giovanni Guglielmo, as sonatas e concertos para violín e clavicémbalo-órgano de G. Meneghetti. Recibiu diferentes premios coma o Coup de Coeur (máximo nivel) da revista belga *Magazine de l'orgue* e o recoñecemento «excepcional» da revista italiana *Musica* polo CD *Organi storici del vicentino*. Editou unha publicación de música italiana do século XVIII; e gravou vinte CD para as discográficas Brilliant, Ricordi, Discantica, Tactus, Rivo Alto e Fugatto.

Giulio Mercati

órgano

Nado en Saronno (Italia) Giulio Mercati comezou a estudar música aos seis anos da man do seu avó, o mestre Lamberto Torrebruno, membro dunha importante familia de músicos. Posteriormente completou os seus estudos de órgano, composición e clavicémbalo con distinguidos músicos. Giulio Mercati é extremadamente activo e apreciado coma concertista: como solista ao órgano e ao clavicémbalo interpretou en máis de vinte países. Actuou nalgunhas das máis prestixiosas salas de concertos e catedrais, dende o Great Concert Hall da Philharmonic Orchestra en San Petersburgo ata a Catedral de San Patricio en Nova York. Tamén é activo como organista e continuísta en importantes formacións, traballando especialmente coa Orchestra della Svizzera Italiana, baixo a batuta de directores coma Alain Lombard, Vladimir Ashkenazy, Juraj Valčuha, Robert Trevino, Alexander Vedernikov, Heinz Holliger, Hubert Soudant, Howard Griffiths, Markus Poschner, Timothy Brock, Pablo González e moitos outros. Foi acompañado por importantes orquestras, tocando concertos para órgano e orquestra —dende Haendel ata Hindemith, Poulenc e Barber— como solista e moitas veces tamén como director. Gravou para a RTSI (Radio da Suíza Italiana), Dynamic-Naxos, Bottega Discantica e Tactus.



É director do Grupo Vocal San Bernardo. É organista residente na igrexa de Santa María degli Angioli en Lugano e no Santuario della Beata Vergine dei Miracoli en Saronno. En 2019 gravou un CD, adicado completamente ás súas composicións, publicado por Tactus e titulado *Giulio Mercati: Interrogatorio a Maria and other sacred works* (dispoñible en Amazon, iTunes, Spotify, etc.). En 1996, Giulio Mercati graduouse en Filosofía na Università Cattolica del Sacro Cuore de Milán, cunha tese sobre estética musical. É un apreciado musicólogo e conferenciante. Como musicólogo traballou para o Teatro alla Scala, a Orchestra Verdi, o Festival MiTo, o Festival Milano Musica e outros importantes festivais de música. É director artístico, e incluso creador, de prestixiosos festivais internacionais en Italia, Suíza e España. É profesor de Historia da música sacra na Facultade de Teoloxía de Lugano. É cofundador e director do Curso de Música Litúrxica, organizado pola Diocese de Lugo (España). Nestes meses, dende xullo de 2021, está a preparar a súa tese doutoral en Teoloxía, un estudo sobre o estado do canto litúrxico nas Dioceses de Milán e Lugano, comparado coas ensinanzas do Magisterium e a historia do canto cristián. Dende agosto de 2021 está a cargo dos eventos organizados pola Diocese de Lugo.

Venres 10 de Xuño 2022, 21.00

Lugo - Igrexa de San Pedro

Felix Vogelsang, violonchelo
Concentus Lucensis

Lidia Basterretxea, Esperanza Iglesias e Maria Guffi, sopranos
Carmen Prendes, Marina Malavasi e Margherita Scaramuzzino, contraltos

Fernando Jácome e Paolo Alberti, tenores

Antón Castro e Giulio Mercati, baixos

Ismaele Gatti, órgano positivo

Stefano Molardi, dirección

Johann Ludwig Bach (1677-1731)

Das ist meine Freude, JLB 28

Para 8 voces e baixo continuo

Jan Pieterszoon Sweelinck (1562-1621)

Salmo 150 «Or soit loué l'Eternel»

Para 8 voces e baixo continuo

Francisco Guerrero (1528-1599)

Ave, virgo sanctissima

A 5 voces

Johann Sebastian Bach (1685-1750)

Suite nº 2 en re menor para violonchelo só, BWV 1008

Preludio, Alemanda, Corrente, Zarabanda, Minueto I e II, Xiga

Francisco Guerrero (1528-1599)

Virgen santa

A 5 voces

Johann Sebastian Bach (1685-1750)

Singet den Herrn ein neues Lied BWV

Para 8 voces e baixo continuo

Felix Vogelsang

violonchelo



Nado en 1975 en Paderborn (Alemaña), estudou co mestre Wick na renomeada Universidade de Música de Hannover. Sobresaiu na súa titulación de solista co *summa cum laude*. Un programa xunto cunha beca do estado de Niedersachsen permitiulle traballar como asistente do mestre Wick durante tres anos. Logo de gañar experiencia orquestral na European Union Youth Orchestra, na Detmolder Kammerorchester e na Radiophilharmonie des NDR de Hannover, recibiu apoio para realizar proxectos como solista ademais dos seus abundantes compromisos como músico de cámara xunto a artistas como Mstislav Rostropovich, Anner Bylsma, Boris Pergamenschikov e Sir Colin Davis. A súa carreira levouno por toda Europa, Chile, Sudáfrica e Estados Unidos, onde realizou o seu debut na cidade de Nova York en 2002 co pianista Christopher Cooley no Alice Tully Hall. Na primavera de 2005 tocou como solista coa Deutsches Kammerorchester na Philharmonie de Berlín baixo a batuta de Markus Poschner. É convidado regularmente a festivais coma o Festival Braunschweig Classix, o Vinschgauer Musikwochen, o Festival de Chaillol ou o Ceresio Estate, entre outros. Felix Vogelsang foi galardoado na Competición Interna-

cional D. Shostakovich (terceiro premio), na Competición Internacional de Violonchelo de Liezen (Austria, primeiro premio), na competición Junge Ensembles Musizieren (premio especial) e no Festival de Pietany (Eslovaquia, primeiro premio e premio do público). Foi durante nove anos membro do Erasmus Trio (trío de piano) e máis adiante do Hannover String Quartet. Como membro fundador do Energie Nove String Quartet gravou para a televisión nacional suíza así como varios CD coas obras para cuarteto de Prokofiev, Smetana e Janaček. En colaboración co famoso violinista Vladimir Mendelssohn gravou os dous quintetos de corda de Johannes Brahms. Todas estas gravacións foron moi eloxiados pola prensa internacional. Vogelsang foi asistente do violonchelo principal na Orchestra della Svizzera Italiana dende 2004, e director artístico do festival Note di Primavera en Ronco sopra Ascona dende 2020. Como membro do PE-Förderungen toca cun violonchelo de Don Nicolo Amati de 1730. Sir Bernhard Haitink: «Felix Vogelsang é un sobresainte chelista da súa xeración, as súas interpretacións están cheas de fantasía e, aínda así, sempre serven ás ideas do compositor».



Stefano Molardi

dirección

Nado en Cremona en 1970, graduouse en órgano e clavicémbalo. Ademais realizou un grao (obtendo a máxima cualificación) en Musicoloxía na Universidade de Cremona presentando unha tese sobre *La Nativité du Seigneur* de Olivier Messiaen. Realizou os seus estudos con Kooiman, Stemberidge, Vogel e Tagliavini, complementando a súa formación en clases maxistras con M. Radulescu na Hochschule für Musik en Viena entre 1996 e 1999. Colaborou con Radulescu ao baixo continuo na Académie Bach en Porrentruy (Suíza). Recibiu o primeiro premio na Competición Internacional de Órgano de Pasion di Prato (Udine), e no Concurso Nacional Città di Viterbo. Foi tamén premiado noutras competicións nacionais e internacionais, incluíndo Bruxas (Bélxica) e a prestixiosa Paul Hofhaimer de Innsbruck. Logo, completou a súa formación no campo da música de conxunto e dirección con Pierangelo Gelmini e Andrea Marcon. Tanto como solista como continuísta, Molardi é un intérprete activo e participou en importantes festivais de música en Italia (Musica e Poesia in S. Maurizio, Teatro La Fenice, Venecia) e noutros países europeos (Ámsterdam, Concertgebouw, Utrecht, Rotter-

dam, Barbican Centre de Londres), e tamén nos Estados Unidos (Walt Disney Concert Hall de Los Angeles, Jordan Hall de Boston, Carnegie Hall de Nova York), Brasil (Sala São Paulo). Molardi ensina órgano, clavicémbalo e música de cámara na Escola Universitaria de Música de Lugano (Suíza). Imparte clases maxistras e conferencias sobre música barroca en Suíza, Hungría, Italia, Alemaña, España e Xapón. Ten, ademais, unha completa axenda de concertos, aparecendo en numerosos festivais nacionais e internacionais, tanto en Italia coma noutros países europeos: Festival Internacional de Payerne (Suíza), Wiener Orgelkonzerte (Austria), Europäische Orgelmusik Nürnberg, Festival C. Monteverdi de Cremona, Festival Treviso, Musica e Poesia in S. Maurizio, Festival Internacional de Maastricht, Arnstadt, Gräfenhain, Magadino, Tokio, Zaragoza e Xénova, entre outros. Entre 2005 e 2013, Molardi dirixiu a agrupación I Virtuosi delle Muse. Como director interpretou: a ópera *Ademira* de Lucchesi (Bibbiena, Italia, decembro de 2006), *Mitridate* de Porpora (Teatro de Valladolid, España, marzo de 2007), a *Pasión segundo San Mateo* e a *Pasión segundo San Xoán* de Bach (igreja de S. Cristoforo, Ferrara, abril de 2007), *Mag-*

nificat (Ferrara, igrexa de S. Giorgio), *Farnace* e *Giustino* de Vivaldi (Theater an der Wien en Viena e en París, Teatro dos Campos Elíseos), concertos en Bilbao, Viena (Theater an der Wien), Oldenburg, Cremona (Festival Monteverdi), Rheingau, Nantes, Orleáns, Múnic, Innsbruck, París, Schwetzingen, Montpellier, Venecia, Miami, Estambul e outros. Gravou para Christophorus, Tactus, Divox e Deutsche Grammophon. Pola súa última gravación, Molardi recibiu moitas valoracións positivas

dos críticos musicais (Amadeus, Early Music) e importantes premios internacionais (cinco «diapasóns» do xornal francés, cinco estrelas Goldberg). Tocou en 2008 e en 2009 en Lugano as obras completas para órgano de C. Franck e F. Liszt. Gravou en 2013 as obras completas para órgano de J.S. Bach, en quince CD para a discográfica Brilliant Classics, en órganos históricos en Alemaña. En 2015 a súa gravación de J. Kuhnau recibiu o premio Deutsche Schallplatten.

Concentus Lucensis



O Concentus Lucensis é un grupo vocal nado dos fecundos encontros artísticos que teñen lugar durante as edicións do Festival Internacional de Órgano e do Curso de Música Litúrxica do Corpus Christi de Lugo. Os seus compoñentes son os mestres e solistas principais do coro lucense Solo Voces, do Orfeón Lucense e

do Gruppo Vocale S. Bernardo, agrupación que desenvolve a súa actividade principal entre Saronno (Italia) e Lugano (Suíza). O Concentus Lucensis canta principalmente a partes reais, é dicir, cunha soa persoa para cada parte vocal, abordando un extenso repertorio, cunha predilección particular pola polifonía renacentista.

Sábado 11 de Xuño 2022, 21.00
Lugo – Igrexa de Santiago A Nova

Massimo Mercelli, frauta
Giulio Mercati, órgano

Johann Sebastian Bach (1685-1750)

Sonata para frauta e baixo continuo, BWV 1033
Andante-Presto, Allegro, Adagio, Minueto, Minueto

César Franck (1822-1890)

Preludio, fuga e variacións
Para órgano

Michael Nyman (1944)

Taking it as Read (2007)
adicada a Massimo Mercelli
Para frauta e órgano

Johann Ludwig Krebs (1713-1780)

Wie schön leuchtet der Morgenstern
Para órgano

Philipp Glass (1937)

Façades (1981)
Para frauta e órgano

Louis Vierne (1870-1937)

Carillón de Westminster, op. 54 n. 6
Para órgano

Carl Philipp Emanuel Bach (1714-1788)

Sonata «Hamburger» para frauta e baixo continuo
Allegretto, Rondo

Massimo Mercelli

frauta



Massimo Mercelli é o frautista coas dedicatorias máis importantes, grandes compositores coma Penderecki, Gubaidulina, Glass, Nyman, Bacalov, Morricone, Galliano ou Sollima escribiron ou actuaron con el. Massimo estudou frauta cos prestixiosos frautistas André Jaunet e Maxence Larrieu. Con só dezanove anos, entrou coma frauta principal no Teatro La Fenice de Vececia, gañou o Premio Francesco Cilea, o Concurso Internacional Giornate Musicali e o Concurso Internacional de Stresa. Actuou como solista nalgunhas das máis prestixiosas salas de concertos do mundo coma Carnegie Hall en Nova York, Philharmonie de Berlín, Teatro Colón en Bos Aires, Concertgebouw en Ámsterdam, Auditorio Nacional de Madrid ou Sala Čajkovskij en Moscova, con compañeiros coma Yuri Bashmet, Valery Gergiev, Krzysztof Penderecki, Philip Glass, Michael Nyman, Ennio Morricone, etcétera. Como pedagogo deu clases maxistras na Norges Musikkhogskole (Oslo, Noruega), Academia Sibelius (Helsinki, Finlandia), Cleveland Institute of Music (EE.UU.), Akron University (EE.UU.), Trinity College of Music (Reino Unido), Mannes School (Nova York, EE.UU.), Singapore

Conservatory (Singapur), Oberlin Conservatory (EE.UU.), Bangkok University (Tailandia), North Carolina University (EE.UU.), Universidad de Santiago (Chile), Taiwan University (Taiwán), Matan Project – Tel Aviv (Israel) e na Fundación Rostropovich (Vilnius, Lituania).

Entre os seus últimos proxectos inclúense a gravación das sonatas de Bach para Decca con Ramin Bahrami, a estrea mundial dun concerto de Sofia Gubaidulina adicado a el e a participación no concerto polo oitenta e cinco aniversario de Krzysztof Penderecki. Entre os seus próximos traballos destacamos o novo CD *Bach SansSouci* para DECCA con Ramin Bahrami e a serie de cinco documentais sobre as sonatas de Bach para RAI5. A estrea mundial de *Jade Concerto* adicado a el por Richard Galliano, a interpretación no Teatro alla Scala de Milán de *Warum* de Sofia Gubaidulina, tamén escrita para el, e o novo concerto de David Chapela en Bos Aires e Los Angeles. Pola súa labor como promotor musical, foi premiado en dúas ocasións polo comisario europeo de Cultura Jan Figel e polo ministro de Cultura francés (Universidade de Praga e París, Centro Pompidou).

Luns 13 de Xuño 2022, 21.00
Lugo - Catedral de Santa María

Orfeón Lucense
Marcos Manuel Fernández Mosquera, director
Misty Schaffert, órgano

Nicolas De Grigny (1672-1703)

Veni Creator

*En taille à 5, Fugue à 5, Duo, Récit de
Cromorne, Dialogue sur les grands Jeux*

Para órgano

Pierre de la Rue (1452 -1518)

O salutaris Hostia

Para coro a capela

Johan August Söderman (1832-1876)

Virgo gloriosa

Para coro e órgano

Sara Pérez Cruz, solista

Jeanne Demessieux (1921-1968)

Domine Jesu

Para órgano

Theodore Dubois (1837-1924)

Adoramus te, Christe

Para coro e órgano

Johannes Brahms (1833-1897)

Geistliches Lied, Op. 30

Para coro e órgano

Jeanne Demessieux (1921-1968)

Ubi Caritas

Para órgano

Fra Marc' Antoni da San Germano (S. XVI)

Cristo al morir tendea

Para coro a capela

Ola Gjeilo (1975-)

Ubi caritas

Para coro a capela

Dirixe Silvia Nadela Villarino

Johann Sebastian Bach (1685-1750)

Preludio y fuga en re mayor, BWV 532

Para órgano

Misty Schaffert

órgano



Nada en Seattle, empezou a súa carreira de organista profesional con 13 anos. Foi alumna de piano e órgano no *Sherwood Conservatory of Music*, Chicago, onde recibiu o *Bachelor's Degrees in Performance*, para ambos instrumentos. Completou os seus estudos no *Roosevelt University Chicago College of Performing Arts*, onde estudou órgano con David Schrader e piano con Pawel Checinski. Recibiu entón o *Master's Degree* para ambos instrumentos. Despois dos seus estudos foi directora de Música da *Old St. Mary's Church*, Chicago, pianista e vocal coach para a Lincoln Opera

de Chicago. Gañou nestes anos o Concurso reservado aos artistas novos, organizado pola *American Guild of Organists*. Participou en master clases nos Países Baixos e en Suíza, estudando con Harald Vogel, Gillian Weir, Xavier Darasse, Guy Bovet, Bernhard Winsemius e Ewald Kooiman. Despois de trasladarse en Alemaña, estudou en Hamburgo con Wolfgang Zerer. Moi activa como solista, Misty tocou en Alemaña, Estados Unidos, Polonia, Israel, Exipto, Países Baixos, Inglaterra e Italia. Actualmente Misty vive en Darmstadt, Alemaña, onde é organista na *Michaelskirche*.



Orfeón Lucense

O Orfeón Lucense, que ten como antecedente o fundado no século XIX polo ilustre compositor Xoán Montes, é un grupo coral creado en 1982 en Lugo polo sacerdote e compositor Xosé Castiñeira Pardo, quen foi mestre da capela da Catedral de Santa María de Lugo e un destacado promotor da vida musical e cultural da cidade. A súa condición de coro titular da Catedral explica o peso da música sacra no repertorio do grupo, non en van un dos motivos da fundación foi a creación dun conxunto permanente de voces que lle dese relevancia e brillo á liturxia e outras celebracións da Catedral. Neste sentido, o desexo dos sucesivos directores de incorporar ao repertorio de pezas en varios idiomas, e de autores tanto españois como internacionais, desde Mozart a Kodaly, desde Dvorák ás Cantigas de Afonso X o Sabio, non limitado ao consagrado e coñecido nin a unha certa época histórica. Pero para o Orfeón Lucense a música secular é tan importante como a música relixiosa. Se en 1992 interpretou Non chores Sabeliña cun notable éxito de público, hoxe en día é frecuente a presenza de pezas corais de zarzuelas, así como a interpretación de pezas tradicionais galegas. No 2009, comezou unha decisiva etapa baixo a dirección de Xesús Mato Mato, prestixioso musicólogo e activista musical e social, que transmitiu ao

Orfeón a alegría e vivacidade que o caracterizan, unindo á formación e fortalecendo a súa vocación de Coro oficial da Catedral lucense e agrupación senlleira na provincia de Lugo. Desde 2012 é o seu director Marcos Manuel Fernández Mosquera que emprendeu a tarefa de renovar con rigor a través da incorporación de novas voces e a ampliación do repertorio con novos estilos e formas musicais, pero sen desvirtuar nin perder de vista a propia identidade da agrupación.

Marcos Manuel Fernández Mosquera

Natural de Oviedo, é nesta cidade onde contacta por primeira vez coa música coral formando parte como neno cantor da Escolanía del Cristo de las Cadenas. En 1992, trasládase a Lugo e entra a formar parte do Orfeón Lucense onde, animado polo daquela director Nemesio Gutiérrez, realiza estudos de canto lírico no Conservatorio Profesional de Música de Lugo. En 2012, asume a dirección do Orfeón á xubilación do director Xesús Mato, compatibilizando este labor coa dirección doutros grupos vocais da cidade e coa colaboración como barítono solista en conxuntos como a Agrupación Lírica Encantandos de A Coruña ou a Aula de canto da Escola de música de Fingoi en Lugo.

Mércores 15 de Xuño 2022, 21.00

Lugo - Catedral de Santa María

Solo Voces

Fernando Gomez Jácome, director

Vibeke Astner, órgano

Heinrich Scheidemann (c. 1595-1663)

Es ist gewisslich an der Zeit

Para órgano

Juan Antonio Moreno Fuentes

(1904-1987)

Ave Regina*

Para coro e órgano

Estrella del mar*

Para coro e órgano

Jan Pieterszoon Sweelinck (1562-1621)

Malle sijmen

Para órgano

Anonymous

Daphne, 3 versus

Para órgano

Edvard Grieg (1843-1907)

Ave maris stella

Para coro a capela

Francisco de Peraza (1564-1598)

Tento de rexistro alto de 1ª ton

Para órgano

Anton Bruckner (1824-1896)

Locus iste

Para coro a capela

Sebastián Aguilera de Heredia

(ca. 1565-1627)

Tento de rexistro baixo

Para órgano

Jouzas Naujalis (1869-1934)

In monte oliveti

Para coro a capela

Hans Mattheson-Hansen (1807-1890)

Fantasia nº 5 «Hvor salig er den lille flok»

Para órgano

Georg Leitung (n. 1967)

Christus natus est pro nobis

Para coro a capela

Cesar Franck (1822-1890)

Andantino

Para órgano

Bob Chilcot (n. 1955)

Were you there?

Para coro a capela

Juan Montes Capón (1840-1899)

Genitori *

Para coro a capela

Dietrich Buxtehude (1637-1707)

Fuga, BuxWV 174

Para órgano

César Frank (1822-1890)

Tantum ergo

Para coro e órgano

Panis angelicus

Para coro e órgano

*** Obras do arquivo da S.I.C.B. de Lugo**



Vibeke Astner

órgano

Vibeke Astner realiza concertos por toda Europa como solista e como música de cámara e interpreta un repertorio moi variado. Estudou órgano e dirección na Real Academia Danesa de Música en Copenhagen. Pouco despois, obtivo a súa titulación de concertista solista no Conservatorio de Amsterdam, estudando co mestre J. v. Oortmerssen. Posteriormente especializouse nas obras de Messiaen co mestre Rössler en Dusseldorf e improvisación co mestre Dankzagsmüller en Lübeck. Realizou numerosas retransmisións para a radio e televi-

sión Danesa. Foi premiada como música de cámara nas competicións da Radio Danesa. Os seus sete CD *Early organ music*, *Danser med orglet 2*, *Bach – a quiet hour*, *Danser med orglet* (transcricións para dous organistas), *Danish Romantic organmusic* (tocando en instrumentos históricos daneses), *Les corps glorieux* (música de O. Messiaen) e *Virtuos musik fra Venedig* (música de cámara) foron recibidos con grandes eloxios en Escandinavia e son habitualmente retransmitidos na Radio Nacional Danesa. Os seus próximos CD publicaranse en agosto de 2022.


Grupo Vocal Solo Voces



Foi fundado en Lugo no ano 1992 polo seu actual director, Fernando Gómez Jácome, coa idea de facer repertorio a capela por un lado de arranxos de música moderna e por outro da interpretación da música antiga. Co tempo converteuse nun coro de cámara que lle permitiu acceder a outro tipo de repertorio, especializándose na recuperación da música vocal galega, tanto a capela como colaborando coas principais orquestras galegas: Orquestra Sinfónica de Galicia, Real Filharmonía de Galicia, Orquestra Vigo 430, e outras formacións como a Orquestra clásica de Xove ou o Orpheon Consort de Viena e instrumentistas como os organistas Juan de la Rubia, Arturo Barba, Inge Beck, Ulrike Northoff, Gabriele Giacomelli e Giulio Mercati. Tamén ten investigado e realizado en concertos repertorios dos arquivos de música da Catedral de Lugo e do Seminario Diocesano de Lugo, esencialmente de músicos locais como Xoán Montes e Juan Antonio Moreno Fuentes. Ten participado en Festivais de Música como o IX Certame de Música Sacra de Ourense, diversas edicións da Semana de música do Corpus lucense e do Festival de Órgano do Corpus Christi de Lugo, VII Bienal de polifonía regional autóctona (Cangas de Onís), II e VI Ciclo de Música

Sacra de São Pedro de Rates (Portugal), Temporada de Música Antiga no Douro en Lamego (Portugal). Tamén destaca a participación no II Festival de música de Compostela e os seus camiños Via Stellae e no Ciclo de música vocal de Espazos Sonoros, que o consolida como unha agrupación de peso no panorama musical galego.

Fernando Gómez Jácome iniciouse na música con Xosé Castiñeira á idade de 14 anos. Aínda que a súa formación musical é basicamente autodidacta formouse en dirección coral con mestres nacionais e internacionais como Manel Cabero, Javier Busto, Julio Domínguez, Carl Høgset ou Fernando Eldoro, e en técnica vocal con Antón de Santiago, Montserrat Pueyo, Kevin Smith, entre outros. Ten impartido seminarios, cursos e obradoiros de música coral na Universidade de Santiago de Compostela, Universidade de A Coruña e para outras institucións. Nos últimos anos forma parte do equipo docente do Curso de Música Litúrxica do Corpus Christi de Lugo. No 1992 fundou o grupo vocal Solo Voces e na actualidade dirixe varias formacións corais na cidade de Lugo.



Organizan:



DIOCESE
DE LUGO



Lucense
Eucharisticum
Centrum